



BOP

XOVES, 31 DE MARZO DE 2021

N.º 073

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONDELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 24 de marzo de 2021, as bases específicas para a concesión de subvencións para realización de obras e actividades culturais e deportivas por parte de comunidades, agrupacións ou asociacións do Concello de Castroverde, faise público que o prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais seguintes á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Igualmente, faise público que a documentación atópase a disposición dos interesados nestas oficinas municipais e na páxina web do Concello.

Castroverde, 25 de marzo de 2021.- O ALCALDE, Xosé María Arias Fernández.

R. 0797

A PASTORIZA

Anuncio

Aprobada inicialmente a desafectación das antigas escolas unitarias de Rigueira, Álvare, Baltar, Bretoña, Corvelle, Crecente, Fonmiñá, Pousada, Reigosa, Piñeiro, Saldanxe, Piñeiro, Úbeda e Vián, en sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno de data 18 de marzo de 2021, de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello da Pastoriza.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<http://apastoriza.sedelectronica.gal>).

A Pastoriza, 23 de marzo de 2021.- O ALCALDE - PRESIDENTE, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0798

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2021

Aprobado inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de marzo de 2021, o Proxecto de Orzamento Xeral, as bases de execución, o anexo de inversións e cadros de financiamento e o cadro de persoal para o exercicio 2021, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría do Concello, polo prazo de 15 días hábiles, que se contarán dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no B.O.P., co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións e suxestións que se consideren pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

A Pastoriza, 23 de marzo de 2021.- O ALCALDE – PRESIDENTE, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0799

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 18 de marzo de 2021, a ordenanza reguladora dos mercados municipais de venda ambulante, exponse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<http://apastoriza.sedelectronica.gal>).

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

A Pastoriza, 23 de marzo de 2021.- O ALCALDE – PRESIDENTE, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0800

TRABADA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Trabada, en sesión ordinaria celebrada o 17 de marzo de 2021 a modificación da “**Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo, tratamento e eliminación**” deste Concello, de conformidade co disposto nos apartados 1 e 2 do art. 17 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza fiscal a que se refire o acordo provisional.

No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Trabada, 24 de marzo de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 0804

NOTARÍA

Anuncio

I.- En la Notaría de Don José Ramón Mazaira López, Notario del Ilustre Colegio Notarial de Galicia con residencia en Monforte de Lemos y con despacho sito en calle Huertas número 48, 2º B (C.P. 27.400-Lugo) se está tramitando, acta de inicio de partición foral gallega, iniciada mediante acta autorizada el día 23 de marzo de 2.021 bajo número 296 de protocolo.

II.- La herencia a la que se refiere el acta es la causada por el fallecimiento de Doña Ilda Josefa Puente (en algunos documentos puede aparecer como primer apellido Puentes) Rodríguez, nacida en Canaval, municipio de Sober (Lugo) el 7 de octubre de 1.933, hija de Don José y Doña Obdulia, fallecida en Monforte de Lemos (provincia de Lugo) el 13 de abril de 2.020, y con último domicilio en España en Monforte de Lemos (Lugo).

III.- Entre los herederos de la citada causante se encuentra su hijo Don Jesús González Puentes, de quien se desconoce su domicilio.

IV.- Durante el plazo de treinta días hábiles a contar desde la publicación del presente anuncio podrá Don Jesús González Puentes (o, en su caso, sus herederos), proponer hasta un máximo de tres contadores-partidores, y comparecer a tal efecto en esta Notaría en horas de oficina (de 9:00 horas a 14:00 horas, de lunes a viernes, y, además, los martes y jueves de 16:00 horas a 19:00 horas), así como también para ofrecer información adicional a la contenida en la citada acta, oponerse a la tramitación de la misma, presentar alegaciones o aportar documentos u otros elementos de juicio que pudieran afectar a la pretensión contenida en ella, y sin perjuicio, en todo caso, de la posibilidad de promover judicialmente la partición en los términos y plazos previstos en el artículo 300 de la citada Ley.

Monforte de Lemos, veinticinco de marzo de dos mil veintiuno.- Notario, José Ramón Mazaira López.

R. 0805
